



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Liberdade de Empresa: Organización Xurídica da Empresa. O Empresariado.		Código	612943301
Titulación	Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial(plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito PúblicoEconomíaEmpresa			
Coordinación	Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	laura.varela.candamio@udc.es	
Profesorado	Aba Catoira, Ana Maria Cachafeiro Garcia, Fernando Garcia Perez, Rafael Garcia-Pita y Lastres, Jose Luis Raposo Arceo, Juan Jesus Sánchez González, Jennifer Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	ana.abac@udc.es fernando.garcia@udc.es rafael.garcia.perez@udc.es j.l.garcia-pita@udc.es juan.raposo.arceo@udc.es j.sanchezg@udc.es laura.varela.candamio@udc.es	
Web	http://www.dereito.udc.es/mestrado-universitario-en-asesoramento-xuridico-empresarial-maxe/			
Descrición xeral	Neste módulo analizaránse os aspectos básicos do asesoramento xurídico. As sesións docentes sobre os diferentes temas que requiran presencialidade se complementarán coas actividades non presenciais que, dado o carácter semipresencial do MAXE, os alumnos deberán realizar previo encargo do profesorado.			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

Non se realizarán cambios

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen:

? Discusión dirixida (realizarase de forma virtual, preferiblemente a través de Teams)

? Lecturas

? Eventos científicos e/ou divulgativos (realizarase de forma virtual)

? Solución de problemas (realizarase de forma virtual)

? Atención personalizada

*Metodoloxías docentes que se modifican:

? Sesión maxistral (realizarase de forma virtual, preferiblemente a través de Teams): as referencias ao cómputo da asistencia só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial. Esta asistencia ?parcial? poderá terse en conta na valoración dos traballos tutelados.

? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación): incorpórase como única metodoloxía obxecto de avaliación continua (100% da nota final). Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. En concreto, realizaranse traballos individuais (e/ou grupais) relacionados con algún dos temas do programa.

? Estudo de casos (computa na avaliación): non se realizará, xa que a avaliacións destes coñecementos se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados?.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.

? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos (sesións)? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén se poderán propoñer ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.

? Teams: sesións semanais en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. No seu caso, sesións semanais (segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.

4. Modificacións na avaliación

Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase: a) A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. b) A profundidade do contido. c) O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. d) O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. e) A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. f) A presentación e a claridade da exposición.

*Observacións de avaliación:

Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.

1. SITUACIÓNS:

A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos tutelados (100%).

B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012): Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos tutelados (100%).

2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

- a) Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.
- b) Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).
- c) Entregar e expoñer (no seu caso) os traballos tutelados na data que se indique.
- d) A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios que a primeira oportunidade.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. O alumnado xa dispoñe de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer o conxunto normativo aplicable, legislativo e xurisprudencial, e a doutrina aplicables ao mundo da empresa
A2	Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa
A3	Coñecer, manexar, elaborar e interpretar os principais documentos de tipo xurídico-económico relacionados co mundo empresarial.
A4	Coñecer e aplicar as técnicas contables, de elaboración e análise de estados financeiros e outros instrumentos de xestión.
A5	Elaborar, comunicar e defender con soltura textos xurídicos, como dictames e informes, memorias ou traballos de investigación
B1	Capacidade para planificar e levar a cabo tarefas xurídicas complexas de modo autónomo
B2	Capacidade para coordinar e desenvolver tarefas de asesoramento técnico (xurídico/xurídico empresarial) no seo dun grupo de traballo
B3	Capacidade para estruturar ordenadamente os feitos e as disposicións xurídicas relevantes dun caso
B4	Capacidade para identificar cuestións xurídicas relevantes partindo dun conxunto complexo de feitos non estruturado xurídicamente
B5	Capacidade para identificar e aplicar todas as fontes xurídicas relevantes nunha cuestión concreta
B7	Capacidade para encontrar solucións novas ou imaxinativas no plantexamento dun problema
B8	Capacidade para analizar os problemas xurídicos dende unha pluralidade de enfoques e elixir o máis idóneo no caso concreto.
B10	Capacidade para estruturar e redactar con fluidez textos xurídicos elaborados, empregando a terminoloxía técnica apropiada.
B14	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares como experto en dereito e contribuir efectivamente ás súas tarefas
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento e xestión de fontes xurídicas (orde xurídica, xurisprudencia e doutrina científica) sobre o dereito de empresa que faciliten a identificación das cuestións xurídicas máis relevantes sobre asesoramento empresarial e a súa resolución así como a súa defensa pública. Desenvolver competencias relacionadas coas novas tecnoloxías da información			CP3 CP6 CP8
Adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para desenvolver unha actividade profesional exitosa no campo da asesoría xurídica empresarial. Coñecer a aplicación práctica dos coñecementos xurídicos, en diversos ámbitos multidisciplinares. Coñecer os aspectos xerais do funcionamento empresarial na contorna económica xeral. Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa, dentro do contorno xurídico-económico.	AP1 AP2 AP3 AP4 AP5	BP1 BP2 BP4 BP5	
Desenvolver actitudes proactivas na resolución de problemas xurídico-empresariais, conformes ás prácticas deontolóxicas. Saber coordinar e dirixir grupos de traballo. Desenvolver habilidades para redactar, presentar e defender informes conforme ás distintas áreas do dereito relacionadas coa empresa. Desenvolver capacidades de alto nivel para a práctica profesional independente ou como profesional dentro dunha organización empresarial		BP3 BP4 BP7 BP8 BP10	
Fomentar a actitude crítica e transmitir os valores do esforzo, do traballo, da formación continua, así coma do respecto á diversidade, facendo fincapé na importancia, por exemplo, da igualdade de xénero e no coidado da linguaxe		BP7 BP8 BP10 BP14	CP4 CP5 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas



A ACTIVIDADE ECONÓMICO-EMPRESARIAL	A actividade económica e globalización A empresa como axente económico A actividade empresarial
DEREITO DO MERCADO	O dereito constitucional á liberdade de empresa A liberdade empresarial e os poderes de control do empresario A Intervención pública na economía: a regulación dos mercados. Libre competencia e competencia desleal.
A EMPRESA E O EMPRESARIO	Concepto de empresa e empresario Negocios xurídicos sobre a empresa Contratación e licenzas Elementos patrimoniais da empresa Propiedade industrial e intelectual

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	B3 B4 B5 B10 C4	12	12	24
Lecturas	A2 A3 B4 B7 B8	0	20	20
Presentación oral	B3 B4 B5 B10 C3	1	10	11
Seminario	B8 B14 C4 C6	9	9	18
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B8	40	0	40
Solución de problemas	B1 B2 B4 B5 B7 C4 C8	5	10	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	C5 C6 C7	5	2	7
Discusión dirixida	B3 B4 B5 B8	6	6	12
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Examínanse situacións do contorno económico-empresarial de actualidade e interese
Lecturas	O profesor recomenda lectura de libros e artigos xurídicos relevantes.
Presentación oral	Os alumnos deberán participar nas actividades, simulacións e presentacións de carácter oral requeridos polos profesores que impartan sesións presenciais.
Seminario	Destacados profesores ou profesionais expoñen temas de actualidade ou importancia
Sesión maxistral	Clase na que o protagonismo recae sobre a intervención do profesor
Solución de problemas	O profesor ou os alumnos plantexan problemas xurídicos e buscan solución xurídicas razonadas.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia aos actos científicos ou divulgativos que os profesores aconsellen, así como, se fora o caso a facer os traballos, resúmenes, estudos de casos, etc. que se lles foran encomendados por parte do profesorado
Discusión dirixida	O profesor guía aos alumnos no debate dunha cuestión xurídica de interese ou actualidade

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Discusión dirixida Solución de problemas	Os profesores están a disposición dos alumnos para lles apoiar na preparación das diversas actividades e resolverlles dúbidas. A coordinadora de máster e a coordinadora do módulo resolven as dúbidas ou problemas que puntualmente podan presentarse aos alumnos. Os alumnos dispoñen, dentro do PAT, dun titor que pode asesorarlles nos problemas e dúbidas de carácter xeral que poidan ter.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	B3 B4 B5 B10 C4	O estudo de casos realizarase de dúas maneiras: 1) No curso das clases presenciais. 2) Como actividades semipresenciais que serán propostas aos alumnos sempre acompañadas do material preciso para realizalas así como da fecha límite para a súa entrega.	80
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B8	Valoración da asistencia activa ás sesións presenciais.	20

Observacións avaliación
<p>Os alumnos serán avaliados polo traballo que realicen ao longo do curso, cun sistema de avaliación continua. Cada alumno adquire o compromiso de participar activa e satisfactoriamente nas actividades obrigatorias, que son as seguintes:</p> <p>1) A asistencia ás clases presenciais e realizar as actividades en Moodle. Os alumnos deberán xustificar as ausencias. En calquera caso, non se admitirá unha ausencia superior ao 20% das clases presenciais. O criterio de avaliación denominado "sesión maxistral" enténdese como valoración da asistencia activa ás sesións presenciais.</p> <p>2) A realización das actividades encomendadas polos profesores das asignaturas na aula.</p> <p>3) A realización das actividades non presenciais requiridas aos alumnos polo profesorado do máster, que serán avaliadas sempre que se entreguen dentro do prazo sinalado para a realización das mesmas.</p> <p>4) Os alumnos poderán participar activamente nas actividades complementarias que se ofrecen ao longo do curso. Entre estas actividades, atópase a realización de seminarios que poderán realizarse fora do horario das clases presenciais, e a asistencia aos mesmos será valorada positivamente. Poderá reservarse unha porcentaxe da nota final para avaliar as diversas actividades complementarias que teña realizado cada alumno.</p> <p>Por lo que respecta al alumnado con reconocimiento de dedicación a tiempo parcial y dispensa académica de exención de asistencia, la evaluación consistirá en un trabajo tutelado que tendrá un valor del 100% tanto en primera oportunidad como en segunda oportunidad.</p> <p>Calificación final: Para a superación da materia, os alumnos deben alcanzar a calificación de 5 ou superior.</p> <p>Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cuando soamente participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a calificación final, con independencia da calificación acadada. Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: A avaliación consistirá nun traballo tutelado, que terá un valor do 100% tanto en primeira oportunidade como en segunda oportunidade.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Cidoncha Martín, Antonio (2006). La libertad de empresa. Madrid: Thomson-Civitas- García Alcorta, José (2008). La limitación de la libertad de empresa en la competencia. Barcelona: Atelier- González Fernández, M^a Belén et al. (2020). Derecho de sociedades: los derechos del socio. Valencia: Tirant Lo Blanch- Sánchez Calero, Fernando (2002). Derecho de Sociedades: libro homenaje al profesor Fernando Sánchez Calero. Madrid: McGraw-Hill- Barruso Castillo, Begoña (2013). La empresa información jurídica, económica y financiera: organización y gestión de personal. Valencia: Tirant Lo Blanch- Krugman P., Wells, R. y Graddy, K. (2017). Fundamentos de Economía. Barcelona: Reverté Manexaránse sempre as últimas edicións existentes
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Toda a información e a comunicación co alumnado serán realizadas a través da plataforma Moodle.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías